

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Intervención - Tesouraría

Acordo definitivo da modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiro e depuración de augas residuais no seu art. 5

ANUNCIO

Unha vez transcorrido o prazo de información pública sen que se presentaran reclamacións, elévase a definitivo o acordo ata entón provisional de modificación das seguintes ordenanzas:

Primeiro.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS no seu art. 5, de tal xeito que queda redactado co seguinte teor:

Artigo 5.º.—Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización de acometida á rede de sumidoiro esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 36,06 € (6.000 pesetas).

2. A cota tributaria que se val esixir por prestar os servizos de sumidoiro e depuración determinaraa o Concello en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, empregada no terreo. Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

a) Servizo de sumidoiro:

— Abonados con servizo de abastecemento de auga: para os mesmos m³ facturados no servizo de abastecemento, 0,158064 €/m³.

— Abonados sen servizo de abastecemento: cota fila mensual, 2,379499 €/abonado/mes.

b) Servizo de depuración de augas residuais:

— Abonados con servizo de abastecemento de auga: para os mesmos m³ facturados no servizo de abastecemento: 0,263441 €/m³.

— Abonados sen servizo de abastecemento: cota fixa mensual, 3,9519 €/abonado/mes.

— Abonados sen servizo de abastecemento e con vertido de gran caudal: cota fixa mensual, 0,263441 €/m³.

3. En ningún caso se poderá tomar un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable pola súa subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá carácter de mínima esixible.

Segundo.—DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO no seu artigo 6, de tal xeito que queda redactado co seguinte teor:

Artigo 6.º.—Cota tributaria.

1. A contía da taxa que se regula neste texto será a que fixen as seguintes tarifas:

a) Abastecemento de auga.

Abonados domésticos:

Mínimo (12,5 m³/abonado/mes): 0,513500 €/m³.

Excesos: 0,628075 €/m³.

Abonados industriais:

Mínimo (31,0 m³/abonado/mes): 0,628075 €/m³.

Excesos: 0,707526 €/m³.

Cota de enganche para calquera uso (dunha soa vez): 150,25 €.

2. As tarifas anteriores non inclúen o IVE, que o Concello engadirá en todo caso.

b) Cota de conservación dos contadores.

Calibre (mm).-Cota mensual.

13 mm: 0,216 €/mes.

25/30 mm: 0,380 €/mes.

40/50 mm: 0,698 €/mes.

65 mm: 4,272 €/mes.

80 mm: 5,330 €/mes.

100 mm: 6,665 €/mes.

150 mm: 9,613 €/mes.

c) Cota de conservación da acometida.

0,226 €/unidade.

O que de conformidade co disposto no artigo 17.4 do RD Lex. 2/2004 de 5 de marzo se fai público.

Ponteceso, a 01/02/2013.

Asdo.: José Luís Fondo Aguiar

Alcalde-presidente

2013/1539